

# DONA'MCINE CURTS ON LINE

## IV CONCURSO INTERNACIONAL DE CORTOMETRAJES REALIZADOS POR MUJERES



**DONA'M CINE** é un proxecto audiovisual impulsado por Entrepobos e por "Producciones Doble Banda"

Esta cuarta edición conta coa colaboración de "Dones Visuais, La Bonne – Centro de Cultura de Mujeres Francesca Bonnemaïson, Ca la Dona, FemArt, Estudio para la Defensa de los Derechos de la Mujer – DEMUS (Perú), Guarango – Cine y Video, SICOM – Solidaridad y Comunicación, Instituto de Derechos Humanos de Cataluña e Observatorio DESC". Nesta edición cóntase co apoio da Axencia Catalá de Cooperación ao Desenvolvemento.

**DONA'M CINE** é unha plataforma on-line, de construcións colectivas e miradas feministas diversas que quere fomentar unha rede de intercambio audiovisual feita por mulleres e, ao mesmo tempo, visibilizar producións que non teñen espazo nos medios de comunicación tradicionais.

**DONA'M CINE** pretende dar voz a mulleres, no relato das súas realidades, os seus saberes e as súas rebeldías, dende a "pedagogía da desobediencia" para transformar prácticas e valores heteropatriarcais.

**DONA'M CINE** ten un carácter internacional, entendendo que vivimos nun mundo globalizado e complexo. Na realidade das mulleres mestúranse o xénero, a clase social, a identidade, o sexo, a orixe, a etnia, a idade, a relixión, a territorialidade e os contextos políticos. A orixe das desigualdades é, pois, moi complexa, pero á vez permite unha grande diversidade de alternativas, rebeldías e xeitos de tecer relacións, afinidades, vínculos e alianzas.

Nesta **IV edición de DONA'M CINE**, as mulleres activistas e defensoras dos dereitos das mulleres, da súa colectividade e da natureza

**INSCRIPCIÓN DE OBRAS:**  
DEL 3 DE DICIEMBRE - AL 8 DE ABRIL

seguen protagonizando unha das temáticas que propoñemos, en tanto que a criminalización da defensa de Dereitos é un fenómeno que medra globalmente, como na edición anterior mantense o "Premio Berta Cáceres".

### TEMAS DO CONCURSO

**Miradas feministas: transversalidade, sororidade, transformación social e crítica ao heteropatriarcado**

- Vivir en liberdade, vidas libres de violencia, mulleres construtoras de paz.
- Experiencias de activistas e defensoras dos DDHH.
- O meu corpo, o meu primeiro territorio de liberdade, identidades disidentes.
- Decolonialidade e antirracismo.
- Poñer a vida no centro: respostas dende os feminismos.
- Reapropiación dos espazos públicos e privados.
- Creatividade e comunicación como ferramentas de transformación.
- Outras temáticas con olladas feministas.

Obras realizadas por mulleres de todo o mundo, maiores de 16 anos. Cada participante poderá presentar un número ilimitado de obras sempre que cumpran os requisitos establecidos nas bases, con xéneros de ficción, documental, arte experimental e animación. A duración máxima das obras será **ata 20 minutos**, incluídos os títulos de crédito.

### Máis información

[www.donamcine.org/edicion2018/es/](http://www.donamcine.org/edicion2018/es/)

[@Donamcine](https://www.instagram.com/Donamcine)

[www.facebook.com/donamcine](https://www.facebook.com/donamcine)

